



CONCLUSIÓNS VIVENDA

¡A vivenda é o primeiro!

Non ter unha vivenda digna mata, e faino con agonía.

Ano tras ano estas son as nosas denuncias nos Encontros Galegos de Participación, pero parece que os decisores políticos aínda non se enteraron.

A COVID obrigounos a non saír durante un tempo durante o Estado de Alarma. Imaxinen estar nesa situación día si e día tamén por culpa dunhas escaleiras que non podes utilizar, ou nunha infravivenda, ou simplemente non tela...

'Se teño un fogar podo formar unha familia, podo conseguir un traballo estable, podo facer plans a longo prazo e podo, en definitiva, restaurar o meu proxecto de vida.' A vivenda é un dereito, e ninguén debería verse privada dela.

Poder vivir nunha vivenda digna significa, ademais, que esta non pode ser unha chabola: non debería estar chea de humidades, non debería ter risco de derrubamento, debería ter espazo suficiente para as persoas que vivan nela e non enfermalas, debería contar con subministrados de auga, luz, calefacción, etc.

¡Non é suficiente! A propaganda non da vivenda a quen a necesita. Reclamamos a creación dunha bolsa pública de vivendas baleiras e abandonadas, que podan restaurarse e destinarse a todas aquelas persoas en situación de exclusión residencial. Esta vez queremos deixalo claro, a emerxencia é tal que para 2024 se necesitan en Galicia como mínimo 40.000 vivendas en aluguer social.

Non se pode alugar unha infravivenda a prezo de oro e ao mesmo tempo ter vivendas baleiras. Débense perseguir e penalizar estas situacións.

Débese regular o mercado de vivenda para que os alugueiros sexan asequibles, sen superar o 30% do salario mínimo interprofesional, á vez que se facilita o acceso mellorando a cobertura das axudas destinadas ao pago do aluguer.

La vivenda debe ser tamén accesible arquitectónica e burocráticamente. Esiximos o financiamento de obras de rehabilitación e accesibilidade para que ningunha persoa viva confinada na súa casa e a regulación e limitación dos requisitos de acceso en canto a fianzas, avais, etc.

É urxente poñer en marcha medidas efectivas e áxiles, para que ninguén se vexa na rúa mentres se tramitan e resolven outras prestacións, e para todas as situacións de emerxencia, como son persoas sen fogar, vítimas de desafiuzamento ou violencia machista, persoas refuxiadas ou solicitantes de asilo.

Por último, é inadmisíbel e débese penalizar aqueles propietarios e inmobiliarias que non alugan a persoas por discriminación, racismo ou aporofobia. ¡Toda persoa merece un fogar!